



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Nomeamento de funcionaria de carreira*

**ASUNTO. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA DE CARREIRA, OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA DO DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA**

**EXPEDIENTE. 2025/E001/000015**

Por Resolución da alcaldía-presidencia núm. 300/2026, do 23 de marzo de 2026, nomeouse funcionaria de carreira, oficial administrativa da Unidade de Recursos Humanos e Promoción Económica do Departamento de Intervención e Xestión Económica do Concello de Bergondo, praza encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1, código na Relación de postos de traballo: 02.02.00.02, con efectos do 26 de marzo de 2026 e correspondente á oferta de emprego do ano 2023 a:

María Pilar García Sánchez-Bálgoma, con dni núm. \*\*\*9293\*\*

O que se publica para xeral coñecemento.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo ou da súa publicación. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Bergondo, 30 de marzo de 2026

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2026/2002